

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DE EMPREGO “SENDAS II”.

I.- Bases reguladoras e financiamento.

Convócase a concesión de subvencións por parte do Concello de Lalín a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do Obradoiro Dual de Emprego “SENDAS II” de acordo co disposto no artigo 15 da Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os Obradoiros Duais de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 15.000,00 euros, con cargo á subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para esta finalidade.

Números de contratos subvencionados	Importe subvención Total orzamento	Aplicación orzamentaria Orzamento municipal vixente
10	15.000 1.500 € x10 contratos	0.2418.47000.1

II.- Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea.

1. Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade incentivar ás empresas e persoas emprendedoras que contraten por conta allea as persoas desempregadas participantes no Obradoiro Dual de Emprego “SENDAS II”.

2. As contratacións temporais que se beneficien desta convocatoria terán unha duración mínima de 3 meses, e a xornada da contratación será a tempo completo. deberán reunir os requisitos establecidos nas presentes bases.



3. A contratación laboral, pola regulación establecida na Orde do 22 de febreiro de 2022, deberá comezar antes do día 28 de outubro de 2023.

As axudas previstas nestas bases están amparadas no réxime de axuda de mínimos, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L 352, de 24 de decembro de 2013).

III.- Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación.

1. Poderán ser beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas (traballadores/as autónomos/as), as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que desenvolvan actividades que estean directamente relacionadas coa formación impartida no Obradoiro Dual de Emprego “SENDAS II” dentro das especialidades:

- “Operacións auxiliares de albanelería de fábricas e cubertas” (peón albanel),
- “Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas” (peón forestal).

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que vai aplicarse para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, correspóndanlle á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte de esta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vencelladas ou dependentes de calquera delas.

3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas nesta convocatoria as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declarados en concurso salvo que neste adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non estar ao corrente das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.



g) Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, en tanto non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. No poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións no orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, de 4 de agosto.

5. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que non estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Lalín, que serán comprobadas de oficio.

6. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitante de non estar incursas nas prohibicións contidas no número 3 anterior para obter a condición



de beneficiaria se realizará mediante declaración responsable segundo modelo do anexo II.

IV.- Contía dos incentivos, incompatibilidades e concorrencia

1. Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500,00 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

2. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custe salarial das mensualidades obxecto de subvención.

3. As subvencións outorgadas ao abeiro desta convocatoria serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento do emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

4. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

V.- Exclusiones

Exclúense dos beneficios regulados nesta convocatoria:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

2. Os contratos realizados co/coa cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un solo familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestaran servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de relevo ou de relevo por anticipación da idade de xubilación.

O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás que a persoa solicitante dos beneficios sucedera en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

VI.- Solicitudes, documentación e prazo.

1. As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica do concello de Lalín, ([http ps://lalin.sedelectronica.gal](http://ps://lalin.sedelectronica.gal)) ou no rexistro xeral do concello, no **prazo de 15 días naturais**, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

2. As solicitudes deberán presentarse pola persoa interesada, ou por quen ostente a súa representación, no modelo normalizado “Solicitud” que figura



como **anexo I** a estas bases reguladoras, e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Copia do DNI, NIE ou NIF da entidade.
- b) Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación (certificados de nomeamento, apoderamentos, etc.).
- c) Escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente, no caso de persoas xurídicas e das entidades sen ánimo de lucro, da acreditación da inscrición no rexistro de entidades relixiosas, no caso das congregacións e entidades relixiosas, ou calquera outra documentación acreditativa da personalidade xurídica.
- d) Declaración responsable segundo o modelo do **anexo II**.
- e) Declaración responsable comprensiva do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións segundo o modelo do **anexo III**.
- f) E de ser o caso, a documentación establecida na base IX punto 1.

O Concello poderá demandar das entidades a documentación que considere oportuna para ampliar a súa información a efectos da concesión de subvencións.

Se a solicitude non reúne todos os requisitos ou documentación necesarios, o órgano competente requirirá ó interesado para que emende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude despois da resolución á que se refire o artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

VII.- Procedemento de concesión e tramitación.

1. O procedemento de concesión das subvencións presentadas ao amparo desta convocatoria axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxectivo e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

A concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2. O órgano instrutor do procedemento será o Servizo de Emprego do concello de Lalín que formulará a proposta de resolución, logo de comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención, sen que interveña unha Comisión de Valoración.

VIII.- Resolución.

1. A resolución dos expedientes de axudas reguladas na presente convocatoria, unha vez fiscalizadas pola intervención municipal, corresponde á Xunta de Goberno Local.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de 15 días, que se computará dende a data de finalización do prazo de presentación da solicitude. Transcorrido dito prazo sen que se dite resolución expresa, se entenderá desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

3. A resolución de concesión de subvención fixará expresamente o importe da axuda e incorporará, de ser o caso, as condicións, as obrigas e as determinacións accesorias a que deba estar suxeita a entidade beneficiaria.

4. As resolucións que se ditan neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-



administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención corrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos e privados, nacionais, da Unión Europea ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, eventualmente, a súa revogación.

IX.- Xustificación e pagamento.

1. No prazo máximo de 15 días dende que se formalicen os contratos subvencionados, a entidade beneficiaria deberá achegar ao Concello, na forma establecida na base IV, a seguinte documentación:

- a) Copia dos contratos laborais formalizados
- b) Xustificantes de alta na Seguridade Social dos traballadores.

2. Unha vez transcorrido o período de 3 meses dende que se iniciaron os contratos, deberá presentarse a xustificación por parte da entidade beneficiaria no prazo máximo de 20 días, debendo incluír os seguintes documentos:

- a) Formulario de xustificación e solicitude de pagamento (**anexo IV**).
- b) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o **modelo do anexo III**.



c) Informe de vida laboral do código da conta de cotización específica da empresa ou entidade na que se fixo a contratación, comprensiva do período de duración da contratación.

3. Logo da resolución de concesión, a Xunta de Goberno Local á proposta do concelleiro/a delegado/a competente, aprobará o recoñecemento de obrigas correspondentes ás subvencións concedidas, e ordenará o pagamento da axuda. O pagamento efectuarase dunha soa vez, logo de aprobada a xustificación referida no anterior parágrafo 9.2.

4. Nos casos de que a empresa se comprometera a unha contratación superior a 3 meses, unha vez rematado o período contratado deberá aportar ademais, no prazo de 20 días desde o remate, un novo informe de vida laboral no que se acredite a efectiva contratación durante o período comprometido.

5. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste, sempre e cando sexa solicitado polo interesado con 5 días hábiles de antelación ao remate do prazo de xustificación. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

6. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou co Concello de Lalín ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

X.- Obrigas das entidades beneficiarias.

1. As entidades ás que se conceda a subvención estarán obrigadas a :



- a.) Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro de emprego “SENDAS II”.
- b.) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención, mantendo no seu cadro de persoal á persoa contratada polo período de duración comprometido na solicitude a xornada completa.

2. No caso de extinción do contrato de traballo polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período comprometido, a empresa deberá comunicar esta circunstancia ao Concello de Lalín, no prazo de sete días naturais dende que se produza, para promover o seu relevo en iguais condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no Obradoiro de Emprego “SENDAS II”, que non foran contratadas previamente, polo período de tempo equivalente ao que restase ou reste para o remate do período estipulado inicialmente. De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria disporá dun prazo de sete días naturais, que contarán dende o remate do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle ao Concello de Lalín esta nova contratación, acreditando:

- a) O contrato de traballo da persoa contratada inicialmente inscrito na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego
- b) Declaración responsable da causa da extinción contractual.
- c) Baixa da persoa contratada inicialmente.
- d) Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Socia.
- e) Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado ao Servizo Público de Emprego.

3. En caso de que non se proceda á cobertura da vacante do xeito sinalado, aplicaranse as seguintes regras:

- a) Se o cese se produce antes de que transcorra o período mínimo de tres meses: a entidade beneficiaria perderá o dereito a percibir a axuda. Non obstante, no caso de que a falta de cobertura se deba a que o Concello de Lalín non subministrara candidatos para ocupar o posto de traballo

vacante, a empresa terá dereito a percibir o importe de subvención proporcional ao tempo efectivo da contratación.

b) Cando o cese se producira transcorridos tres meses pero antes de que remate o período inicialmente comprometido (en caso de que fose superior), aplicarase o previsto na Base VIII.5. Non obstante, no caso de que a falta de cobertura se deba a que o Concello de Lalín non subministrara candidatos para ocupar o posto de traballo vacante manterase o importe da axuda concedida.

4. Xustificar ante o Concello de Lalín o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade, aportar a documentación requirida, e someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Lalín.

5. Comunicar ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto que se subvenciona con este programa.

6. Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

7. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida, axustarse ao disposto nas bases segunda e terceira desta convocatoria, e realizarse na categoría profesional correspondente en virtude da normativa laboral aplicable.

XI.- Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro.

1. Procederá á perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos intereses de demora correspondentes dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As obrigas de reintegro establecidas nesta orde, se entenderán sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, de 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

3. Entenderase que se produce un incumprimento total ou parcial nos casos sinalados no parágrafo 10.3.

XII.- Devolución voluntaria da subvención.

1. As entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta do Concello de Lalín, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

3. Cando se produza a devolución voluntaria a Administración calculará os intereses de demora de acordo co previsto na lexislación vixente.

XIII.- Protección de Datos.

Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada dá autorización ao Concello de Lalín para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida. De acordo co disposto na Lei orgánica



3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei.

XIV.- Incorporación ao rexistro publico de subvencións e publicación da subvención concedida.

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da axuda concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

O Alcalde

José Crespo Iglesias